

Recomendacións do COPG para o exercicio da Psicoloxía durante a emerxencia sanitaria do coronavirus

(**ACTUALIZADO 9/5/2020**, coa publicación da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, do Ministerio de Sanidade, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da **fase 1** do Plan de transición cara a unha nova normalidade.

Premisa 1: As catro provincias galegas están incorporadas a partir do luns 11 de maio á fase 1 (A Coruña, Lugo, Pontevedra e Ourense)

Premisa 2: Nesta fase inicial procurarase a reactivación daquelas actividades e servizos profesionais que requiren a apertura ao público de establecementos ou locais. Esta orde non especifica claramente a prestación de servizos de psicoloxía en calquera dos seus eidos, pois non estiveron excluídos no decreto de alarma. Desde o COPG séguese intentando que as autoridades competentes especifiquen, ou aclaren, aspectos necesarios para o desenvolvemento do exercicio da psicoloxía en todas as súas ramas e vertentes nas que estamos presentes.

- Prioriza a **atención non presencial** a través doutras canles (teléfono, correo electrónico, telepsicoloxía...). Lembra que tes á túa disposición a [Guía Práctica de Telepsicoloxía](#) que elaborou o Consejo General de la Psicología e que podes acceder ao [servizo de terapia online InPsique](#) que ten un acordo co COPG namentres dure o estado de alarma.
- Para a **atención presencial**, debes seguir as **pautas dadas polas autoridades sanitarias** aprobadas desde a declaración do estado de alarma.
- **Medidas en caso de apertura:**
 - a. Establece un sistema de **cita previa**.
 - b. Se traballades varios/as profesionais no mesmo centro, intentade poñer as citas de forma que non coincidan en espazos onde non se pode garantir a distancia de seguridade de 2 metros as persoas usuarias e vós mesmos, **distintos horarios de entrada/saída e citas**.
 - c. Pregade a **máxima puntualidade** ás persoas usuarias.
 - d. Intenta que as persoas usuarias **coñezan de antemán as normas** de seguridade e de hixiene establecidas, e coloca un **letreiro** coas mesmas na entrada.
 - e. Envíalles un **volante** ou **xustificante coa cita** ás persoas usuarias para que poidan presentar ás Forzas e Corpos de Seguridade en caso de serlles requirido.
 - f. De atender a **persoas maiores de 65 anos**, debes destinar unhas horas do día exclusivas para a súa atención; desaparece o horario prioritario establecido na Fase 0, que era o coincidente co dos paseos.

Isto non quere dicir que houbese cambios nas horas e límite de tempo de saída para paseos, só que a cidadanía poderá acudir aos vosos centros no horario que lle poñades. No caso de persoas maiores de 65 anos durante **o tempo que establezades** diariamente de atención a estas persoas será **exclusivo** para os mesmos.
 - g. Sobre os desprazamentos “entre provincias”: o artigo 7 da Orde fala expresamente de que se poderá circular a parte do territorio nacional (entendemos daquelas poboacións que están en Fase 1, reguladas no [Anexo da Orde](#)).

Recomendacións do COPG para o exercicio da Psicoloxía durante a emerxencia sanitaria do coronavirus

(ACTUALIZADO 9/5/2020, coa publicación da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, do Ministerio de Sanidade, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan de transición hacia cara a unha nova normalidade.

- i. **Redúcese o aforo ao 30%** do que tiñas aprobado con anterioridade a crise sanitaria E SEMPRE que permita que entre as persoas se manteña unha **distancia MINIMA DE 2 metros** entre elas e non supoña aglomeración. Isto non significa que sexa para que estean na sala de espera. A orde é clara neste aspecto: só poderán estar no centro o tempo necesario para a intervención e esta ten que ser inmediata unha vez que entra.
- j. Só poderán estar un máximo de **10 persoas reunidas en conxunto**, mantendo entre elas a distancia de 2 metros de seguridade **SALVO QUE SEXAN UNIDADE CONVIVENTE**. Debido a isto entendemos que se pode, sempre que se respecte o límite do **30% do aforo** do espazo de atención e se poida garantir a separación de **2 metros** entre as persoas usuarias, a atención non individual naqueles casos nos que se considere preciso ou indispensable (terapia de parella/familia, terapia con menores nos que participen os seus representantes legais...). No caso de necesitar traballar en conxunto con persoas non conviventes as medidas de seguridade e de hixiene deberanse estremar moito máis, polo noso ben como psicólogos/as e polo das persoas usuarias que estamos a atender nese momento.
- k. Cada profesional segue sendo a persoa de referencia das súas persoas usuarias durante todo o tempo que permanezan no local. Isto quere dicir que será esta persoa a que vaia facilitando os accesos ás persoas usuarias, incluso se pode, abríndolle as portas e a encargada da desinfección unha vez rematado o proceso asistencial, sexa individual sexa como se detallou no punto anterior.
- l. Deixa transcorrer **15 minutos** entre atención e atención para ventilar e proceder á limpeza.
- m. Traballa a **porta pechada**: é dicir, só ti ou os teus compañeiros/as podedes abrir e pechar a porta, para evitar que entren máis persoas das recomendadas.

Recomendacións do COPG para o exercicio da Psicoloxía durante a emerxencia sanitaria do coronavirus

(**ACTUALIZADO 9/5/2020**, coa publicación da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, do Ministerio de Sanidade, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan de transición cara a unha nova normalidade).

- **Medidas de seguridade comúns:**
 - a. Mantede ti, os teus compañeiros/as e ou persoas usuarias unha distancia de **dous metros**.
 - b. Se non podes garantir a distancia de 2 metros faise obrigatorio empregar **Equipos de Protección Individual (EPIs)** adecuados ao nivel de risco. Faino con seguridade, como se indica nestes videos da Xunta de Galicia: :
<https://femora.sergas.gal/Seguridade/MATERIAL>
 - c. Se proporcionas algún tipo de EPI aos teus usuarios/as, **explícalles** como se deben poñer (mascarillas, fundamentalmente).
 - d. Evita o **contacto físico** (nin bicos, nin apretóns de mans, apertas...)
 - e. **Lava as túas mans** con auga e xabón/desinfectante antes e despois de cada consulta.
 - f. Advirte as persoas usuarias de que se están en **cuarentena por contaxio**, ou mantivo contacto con algunha persoa que se atope illada non pode acudir á intervención.
 - g. Intenta, na medida do posible, que as **persoas usuarias** do servizo **non manipulen** o que lle poidas facilitar ti (ábrelles ti a porta, ofrecélles panos dun só uso, evita que fagan uso dos aseos salvo extrema necesidade e que te avisen para proceder á limpeza...).
- **Recursos materiais:**
 - a. **Retira elementos de uso común** (non necesarios para a intervención) ou de difícil limpeza (revistas, alfombras, toallas, vasos de cristal, desactiva as máquinas de autoservizo, anula secadores de man con aire).
 - b. Intenta ter una **papeleira con pedal** en cada sala de atención, para que cada un dos profesionais e usuarios/as podan “tirar” o que utilizou durante a sesión (panos de papel, por exemplo).
- **Medidas de hixiene do local/utensilios/material:**
 - a. **Entre sesión e sesión** ventila a sala de atención e as demais utilizadas, de ser o caso.
 - b. Procede á **limpeza exhaustiva** daqueles obxectos que foron ou puideron ser tocados ou manipulados: mesa, cadeiras, pomos das portas, material utilizado durante a terapia, aseos, sen esquecer os grifos...
 - c. De estar **varios/as profesionais** traballando no mesmo local, cada un debe facerse responsable da **súa zona**, e así mesmo das **zonas comúns** das persoas usuarias que atendeu (por exemplo, aseos). Esta norma debes facela extensible a zonas comúns ou se cambiades de **quenda**: antes de deixar a sala de atención para que atenda outro/a compañeiro/a debes proceder tamén á ventilación e a desinfección, pero esta vez tamén de todo o que manipulastes vós (teléfonos, ratos, teclados, pomos, botóns de prender/apagar a luz...).
 - d. Limpa e **baleira as papeleiras** con pedal o máis a miúdo posible.

Recomendacións do COPG para o exercicio da Psicoloxía durante a emerxencia sanitaria do coronavirus

(ACTUALIZADO 9/5/2020, coa publicación da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, do Ministerio de Sanidade, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan de transición cara a unha nova normalidade.

- **Medidas de hixiene dos profesionais da psicoloxía:**
 - a. Evita levar xoias (aneis, cadeas...).
 - b. Intenta ter o pelo recollido.
 - c. Intenta ter as uñas das mans curtas.
 - d. Lavado e desinfección diaria da roupa de traballo: a recomendación que fai o Ministerio de Sanidade é na lavadora en ciclo de mínimo 60 grados.

Esta información irase ampliando a medida que vaian publicando instrucións as autoridades competentes.

*Amplía esta información co documento do Goberno actualizado ao día 30 de abril, **"Procedimiento de actuación para los servicios de prevención de riesgos laborales frente a la exposición al SARS-CoV-2"**.*